

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 20 de marzo de 2026, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de facultativo/a especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas e médico/a de urxencias hospitalarias, convocados polas resolucións do 26 de decembro de 2022.

Mediante as resolucións desta dirección xeral do 26 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizáronse as convocatorias excepcionais nos procesos selectivos de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de facultativo/a especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas e médico/a de urxencias hospitalarias.

Mediante as resolucións desta dirección xeral do 15 de abril de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 77, do 23 de abril), do 20 de xuño de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño), do 3 de novembro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 224, do 19 de novembro) e do 26 de decembro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 8 de xaneiro), publicáronse os nomeamentos e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas, convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022.

Así mesmo, mediante as resolucións do 4 de abril de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 69, do 9 de abril), do 20 de xuño de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño), e do 6 de outubro (*Diario Oficial de Galicia* núm. 202, do 20 de outubro) e do 26 de decembro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 8 de xaneiro), publicáronse os nomeamentos e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias, entre outras.

A base 10.4 das resolucións de convocatoria prevé que, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa/s persoa/s aspirante/s incluída/s inmediatamente a continuación na relación de selecciona-



das, pola orde de prelación que resulten da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Realizados os procesos de elección de destino nas categorías de facultativo/a especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas e médico/a de urxencias hospitalarias, en que resultaron prazas vacantes, logo da resolución de nomeamento do 26 de decembro de 2025, e ao abeiro das resolucións do 26 de decembro de 2022, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Coa finalidade de asegurar a cobertura das prazas convocadas no proceso extraordinario de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, e segundo o que establece a base 10.4 das resolucións de convocatoria, realizouse a oferta das prazas que resultaron vacantes nas categorías de facultativo/a especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas e de médico/a de urxencias hospitalarias ás novas persoas aspirantes incluídas inmediatamente a seguir pola orde de prelación que resultou da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde nas categorías de facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas e de médico/a de urxencias hospitalarias as persoas aspirantes que se inclúen no anexo I desta resolución, logo de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos e de realizar a elección de destino, segundo o previsto nas bases 9 e 10 das convocatorias dos procesos selectivos.

Adxudicarlles ás persoas aspirantes, con carácter de destino definitivo, as prazas que figuran no anexo indicado.

Terceiro. Declarar finalizado os procesos selectivos de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas e de médico/a de urxencias hospitalarias, convocados polas resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 26 de decembro de 2022, sen prexuízo do previsto na súa base 10.4 para o suposto de situacións en que as persoas seleccionadas, por diversos motivos, non continúen no proceso.

Cuarto. As persoas aspirantes nomeadas disporán do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para



incorporarse á praza adxudicada. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta.

A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable á persoa interesada e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia da persoa interesada, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación á praza adxudicada comportará o cesamento da persoa temporal que, se é o caso, a ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

Quinto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, o/a aspirante seleccionado/a deberá realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Non terán que realizar esta actividade formativa as persoas aspirantes seleccionadas que a realizasen con anterioridade, se consta rexistrada en Fides/expediente-e e foi debidamente validada.

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2026

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I

Relación definitiva de adjudicatarios/as e destino

Facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8996**	Fiel Ozores, Antía	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-
Médico/a de Urgencias Hospitalarias					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1732**	Mariño Díaz, María Amparo	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

